

NORMAS XERAIS DE COMPETICIÓN VÓLEI PRAIA Temporada 2025-2026

1.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

Estas Normas Xerais son de aplicación en todas as competicións oficiais de Vólei praia de ámbito autonómico.

2.- CATEGORÍAS E IDADES

No ámbito de actuación da FGVB, as categorías e idades para as competicións serán:

ALEVÍN	nados o 1 de xaneiro do 2014 ou data posterior
INFANTIL	nados nos anos 2012 e 2013
CADETE	nados nos anos 2010 e 2011
Sub-19	nados nos anos 2008 e 2009
Sub-21	nados nos anos 2006 e 2007
SÉNIOR	nados no ano 2005 e anteriores

3.- PARTICIPANTES

A participación e inscrición nos distintos campionatos farase por equipos de dous participantes en tódalas categorías agás que as Normas Específicas de cada categoría determine outra composición de equipos.

4.- INSCRICIÓN EN CAMPIONATOS

A inscrición realizarase mediante a presentación da documentación correspondente, tal e como se recolla nas bases de cada Torneo ou Proba. A falta de documentación, de datos no boletín, o non pagamento das taxas ou a falta de calquera outro requisito, poderá ser motivo da non admisión na competición ou da sanción económica que puidera recaer.

No caso de que a parella estivera composta por xogadores/as de clubs diferentes, todos eles deberán achegar por escrito a súa inscrición.

De estar estipulado un custe por inscrición, dito pago terá que ser realizado en forma e prazo establecido nas normas específicas de cada proba.

5.- LICENZAS DE VÓLEI PRAIA

- 5.1.-** Todos os deportistas que participen os Campionatos Galegos de Vólei praia Sénior, Sub-21, Sub-19, Cadete, Infantil e Alevín deberán estar en posesión da correspondente licenza autonómica galega de Vólei praia. A Autorización Nacional de Vólei praia terá os mesmos efectos que a licenza autonómica galega no que respecta ás competicións de ámbito autonómico.
- 5.2.-** A licenza de xogador de voleibol é totalmente independente da de Vólei praia.
- 5.3.-** As licenzas autonómicas de Vólei Praia poderán ser tramitadas unicamente a través dun club de Vólei praia ou da sección de Vólei praia dun club de voleibol. A tramitación das licenzas de Vólei praia tanto autonómicas como nacionais poderase realizar exclusivamente a través da federación autonómica á que estea adherido o club en cuestión. Deberá utilizarse a plataforma web que a FGVb habilita para tal fin, así como os modelos que a RFEVb poida dispor para a solicitude de autorizacións ou licenzas

A licenza terá validez mentres que teña validez o seguro solicitado polo para o/a xogador/a no momento de tramitar a documentación. As distintas opcións de seguro serán comunicadas mediante circular e publicaranse na web da federación.

- 5.4.-** O seguro obrigatorio de accidentes deportivos deberá ter polo menos cobertura autonómica na CCAA de Galicia, de acordo co Real Decreto 849/1993, do 4 de xuño, polo que se determinan as prestacións mínimas a cubrir polo seguro obrigatorio para deportistas federados (BOE de 23 de xuño de 1993). A vixencia temporal deste seguro, deberá coincidir co da licenza. Aqueles xogadores que xa tiveran un seguro deportivo en vigor cun club de voleibol e con cobertura para o Vólei praia non deberán tramitar un novo, sempre e cando contén co consentimento por escrito do club que orixinalmente lles tramitou o seguro.
- 5.5.-** Non se admitiran a tramitación de licenzas ou autorizacións federativas a aqueles xogadores ou clubs que teñan débedas coa FGVb cando estas foran reclamadas e non satisfeitas.

- 5.6.-** A licenza tramitarase unha vez recibido o xustificante do pagamento polas licenzas, autorizacións e mutualidades solicitadas. As solicitudes de Autorización Nacional deberán ser solicitadas con antelación dabondo para poder completar os trámites antes de que se precise para unha proba.
- 5.7.-** A identificación dos xogadores realizarase mediante a presentación da autorización de Vólei praia e o documento oficial que acredite suficientemente a súa identidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de condución).

6.- XOGADORES SELECCIONABLES E NON SELECCIONABLES; NACIONAIS, COMUNITARIOS E ESTRANXEIROS

- 6.1.-** De acordo á súa nacionalidade, un xogador pode ser nacional, comunitario ou estranxeiro.
- 6.2.-** Independentemente da súa nacionalidade, un xogador poderá ser seleccionable ou non para representar a Galicia en competicións oficiais. Para ser considerado seleccionable deberá ter licenza de Vólei praia expedida en Galicia, estar expresamente autorizado pola FGVb e cumprir polo menos dous dos seguintes requisitos:
- a) Nacer en Galicia.
 - b) Estar escolarizado en Galicia en Primaria, Secundaria, Bacharelato ou similar, e que o estivera tamén no ano anterior.
 - c) Ser fillo de pai ou nai galegos.
 - d) Levar un ano residindo, empadroadado, en Galicia.
- 6.3.-** Para poder competir nas probas do CGVP, os deportistas estranxeiros deberán aportar unha carta de autorización da súa federación nacional na que se faga constar expresamente que o xogador ten licenza deportiva en vigor e seguro médico deportivo asociado a esta. No caso de que a normativa por la que se rexe a dita federación non contemple esta obriga, o deportista deberá subscribir unha licenza deportiva directamente coa FGVb ou a través dun club afiliado a esta.
- 6.4.-** As normas específicas de cada proba ou torneo poderán limitar a participación de xogadores non seleccionables ou estranxeiros, así como establecer requisitos adicionais aos sinalados.

7.- ÁRBITROS

- 7.1.-** Todo árbitro está obrigado a tramitar a súa licenza de Vólei praia polo menos 10 días antes de ser designado para un encontro, en caso contrario, non poderá ser designado para dirixilo. Se, a pesar de non dispor de licenza, o árbitro dirixira un encontro, será sancionado segundo o disposto no Regulamento Disciplinario da FGVB.
- 7.2.-** Os membros do equipo arbitral depositarán na mesa do anotador ao inicio do encontro a súa licenza de árbitro en vigor. A súa non presentación poderá ser sancionada disciplinariamente pero non será causa en ningún caso para negarse un equipo a disputar o encontro.
- 7.3.-** O Primeiro árbitro do encontro, en ausencia do Director da Competición e do Delegado Federativo, naquelas competicións nas que estivera establecida a súa presenza, será o responsable de facer cumprir a normativa respecto aos terreos de xogo e desenvolvemento dos partidos, solicitando do delegado de campo a emenda das deficiencias que xurdiran no mesmo.

8.- BALÓN OFICIAL

O balón de xogo regulamentario será o Mikasa BV550C agás en categoría alevín que será o Molten Pequiveley V5-SPMB / SP1 ou o Molten V5M1500 en ausencia do anterior.

9.- ALTURA DA REDE

ALTURA DO BORDE SUPERIOR DA REDE (m)	
Homes (sénior, Sub-21 e Sub-19)	2,43 m.
Mulleres (sénior, Sub-21 e Sub-19)	2,24 m.
Homes (Cadete)	2,37 m.
Mulleres (Cadete)	2,18 m.
Homes (Infantil)	2,24 m.
Mulleres (Infantil)	2,10 m.
Homes e mulleres (Alevín)	2,10 m.

10.- DEREITOS PUBLICITARIOS

Os dereitos publicitarios do material son exclusivos da FGVB, agás aqueles que se acorden con patrocinadores, organizadores ou outros recollidos nas normas específicas de competición.

11.- TARIFAS ARBITRAIS

	Árbitro		Anotador	
	Día	½ Día	Día	½ Día
Campionato Galego Sénior	95,00 €	50,00 €	55,00 €	30,00 €
Campionato Galego Sub-21	95,00 €	50,00 €	55,00 €	30,00 €
Campionato Galego Sub-19	95,00 €	50,00 €	55,00 €	30,00 €
Campionato Galego Cadete, Infantil, Alevín	95,00 €	50,00 €	55,00 €	30,00 €

Os árbitros terán dereito a percibir os gastos do desprazamento (0,26 €/km máis gastos de peaxe debidamente xustificados). Aqueles que arbitren un día completo de competición terán dereito a percibir unha dieta de 15 € en concepto de gastos de manutención no caso de non ser asumidos polo organizador.

12.- TAXAS DE XESTIÓN DAS LICENZAS E DO SEGURO DEPORTIVO

	Anual	A partir do 1 de xuño
Licencia Xogador Sénior Nacional	61,00 €	50,00 €
Licencia Xogador Sénior Autonómico	39,00 €	28,00 €
Licencia Xogador Sub 19/21	22,00 €	
Licencia Xogador Cadete/Infantil/Alevín	6,00 €	
Licencia Adestrador Nacional	33,00 €	
Licencia Adestrador Autonómico	17,00 €	
Licenza de Árbitro (todos os niveis)	94,00 €	
Licenza de anotador / Xuíz de Liña	94,00 €	

As taxas de xogadores inclúen seguro deportivo e autorización nacional.

Todos os prezos para árbitros, anotadores e adestradores inclúen seguro deportivo e licencia autonómica.

O custe da autorización nacional para os árbitros e adestradores, será o recollido na Normativa da RFEVb para a tempada en cuestión.

13.- TAXAS DE INSCRIPCIÓN E AVAIS.

COMPETICIÓN	INSCRIPCIÓN	AVAL
CAMPIONATO GALEGO SÉNIOR	Segundo B.E. Proba	100 €
CAMPIONATO GALEGO Sub-21	Segundo B.E. Proba	
CAMPIONATO GALEGO Sub-19	Segundo B.E. Proba	
CAMPIONATO GALEGO CADETE	Segundo B.E. Proba	
CAMPIONATO GALEGO INFANTIL	Segundo B.E. Proba	
CAMPIONATO GALEGO ALEVÍN	Segundo B.E. Proba	

Os importes de inscrición son por dereito de participación en cada un dos torneos e son independentes dos de tramitación de licenzas ou seguro deportivo. Cada promotor poderá poñer unha inscrición que deberá ser publicada nas bases específicas da proba.

O importe do aval corresponde a cada club participante nos campionatos galegos de Vólei praia, con independencia da cantidade de equipos/parellas que inscriba nas diferentes probas nin do número de categorías nas que participe. O ingreso do mesmo deberase facer con anterioridade á tramitación da primeira inscrición nunha proba do Campionato Galego de calquera categoría e será tamén aplicable a aquelas parellas con Autorización Nacional tramitada por clubs doutras comunidades autónomas ou xogadores estranxeiros con licenza da súa federación de orixe ou licenza tramitada directamente coa FGVb que desexen participar nunha proba do CGVP.

14.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- 14.1.-** Para que a FGVb poida certificar a participación efectiva dun club no CGVP e na Ranking Galego de Clubs de Vólei praia (e teña dereito a percibir as correspondentes subvencións), este deberá participar polo menos cunha parella no 50% das probas oficiais que se celebren (tanto sénior como de categorías inferiores).
- 14.2.-** Aquel xogador/a que, inscrito para unha proba do CGVP Sénior ou de Categorías Inferiores, non puidera participar nela por ser seleccionado para representar a Galicia ou España nun compromiso oficial de vólei praia (Cpto. Nacional ou Internacional), recibirá nesa proba unha puntuación equivalente á media dos puntos acadados por el naquelas probas nas que si participase e que será tida en conta a hora de establecer a Clasificación Final do Campionato Galego da dita

categoría. Non obstante estes puntos non serán tidos en conta para o ranking do Ranking Galego de Clubs.

- 14.2.-** O correo electrónico será o medio de comunicación preferente empregado entre a FGVb e os seus membros e viceversa. Será obrigatorio para os diferentes compoñentes e estamentos da FGVb facilitar unha conta de correo electrónico para os anteditos fins. Coa facilitación do mesmo, os interesados prestan expresamente o consentimento esixido no art. 27.2 da Lei 11/07 de acceso electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos.

No caso das persoas físicas que pertencen á disciplina dun club, e agás faciliten outro distinto, entenderase que o seu enderezo electrónico será o do club, polo que serán válidas a todos efectos as comunicacións feitas a este.

- 14.3.-** A FGVB poderá modificar calquera apartado destas normas ou das normas específicas de cada competición coa fin de mellorar tarefas administrativas, de xestión o de desenvolvemento das competicións. Se así fora farao público e/ou comunicarao aos participantes. Salvo que na modificación se establecera outra cousa, entrarían en vigor ao día seguinte da súa publicación.